



# INFANTIL



**Huellas con sorpresa**, Ed. Combel. Bloomsbury Publishing, PLC  
Un libro para tocar, palpar as pegadas de cada animal e descubrir de quen son as pequenas pegadas do final.

**Pollito e o planeta Cero**. Edicións do Cumio. Maite Sánchez Sempere. Pollito viaxa ao planeta Cero e descobre que alí non saben contar. Pero iso non será un problema, Pollito ensinaralles.




**Tartaruga**. Baía edicións. Xaquín Marín. Colección xiz de cor. Tartaruga propón a súa filosofía de vida fronte á sociedade industrializada e deshumanizada actual.

**Un can e un gato**. Editorial OQO. Colección O. Paula Carbonell & Chené Gómez. Un can e un gato coñecéronse pero non se entenderon. Xogan, enfádanse, sepáranse... e volven xogar...



**VEO VEO ¿A quién ves?** Editorial Edelvives. Colección veo veo. Con pequenas adiviñas, os animais deste libro preséntanse a si mesmos. Ao darlle a volta ás solapas aparecen as respostas.



Un libro...  
Un libro...

o mellor agasallo

FELICES FESTAS  
E BOAS LECTURAS  
POLO NADAL



**CEIP DE AGOLADA**

**GUÍA DE LECTURA  
NADAL 2011**

**EQUIPO DA BIBLIOTECA**


<http://centros.edu.xunta.es/ceipdeagolada>



## 1º CICLO

## 2º CICLO

## 3º CICLO



**A vella na botella.** Editorial OQO. Colección O. Roberto Mezquita & Alejandro Galindo. Unha bruxa de pelo roxo, farta das queixas da súa veciña, decide un día lanzarlle un meigallo e encerrala nunha botella.


### Dewey: ¡Un gato en la biblioteca!

Editorial Edebé. Colección Tren azul. Vicki Myron. É a historia dun gato que vive nunha biblioteca desde que o deixan no caixón de devocións de libros.





**A carreira de sacos.** Editorial Xerais. Colección Merliño. Silvia Pazos. Unha mañá os animais do bosque deciden facer unha carreira de sacos. Foi unha competición tan importante que se coñeceu en todo o mundo.

**El señor Top.** Faktoria k de libros. Fernando Khran. (Cómic). O señor Top esperta cada mañá dando gracias polo novo día e saudando á natureza e ao mundo que o rodea. Pero cando chega o xornal ...




**Na busca dun fogar.** Ed. Pata-de-peixe. Vivianne Schwartz. Un grupo de irmáns hamsters, perdidos e buscando un novo fogar. Conseguirán permanecer xuntos?

**Fútbol.** Editorial Macmillan. Coñece o terreo de xogo, as posicións dos xogadores, o equipamento e moita máis información acerca deste deporte. Tira das solapas e move aos futbolistas para aprender diferentes xogadas.





**Crictor.** Editorial Kalandraka. Colección Tras os montes. Tomi Ungerer. Unha señora maior tiña un fillo en África que estaba estudando os réptiles. Unha mañá o carteiro tróuxolle un paquete moi estrano con forma de O.

**Come que te come.** Editorial SM. Charles Clark & Maureen Clark. Colección El cuerpo humano en pop up. Un libro que explica dun xeito moi divertido os fundamentos da nutrición humana.



**Cando chove.** Faktoria k de libros. Leire Salaberría. O seu can métese en todos os charcos do paseo. Chega á casa coas patas e o fociño manchados de lama, contento, movendo o rabo.

**Susana.** Editorial Juventud. Marie-Ange Guillaume. Susana decide marchar soa, en avión, sen o seu can Hélice. Quere ver outros animais que saiban facer máis cousas que mover o rabo e romper calcetíns. Pero Susana quere moito ao seu can e pronto o botará de menos.



**Marisela e o Roxo.** Editorial OQO. Geovany F. García. Colección Q. O amor xurdiu no mercado, cando un mozo de pelo roxo lle regalou á princesa unha mazá, maila que lle podía caer un lapote dun garda real.

**Os poderes máxicos de Aitema.** Editorial Galaxia. Colección Árbore. Concha Blanco. É peixe? É ave? É persoa? Aitema é un ser único e irrepetible que non teme os bichos, nin o aire nin a area.



**Mortadelo y Filemón. Nº 188. Mundial 2010.** Ediciones B. Francisco Ibáñez. O Superintendente convoca a Mortadelo e Filemón para que reforcen a selección española durante o Mundial 2010.

**Cómo hablar perruno.** Editorial SM. Sarah Whitehead. Ter un can na casa pode ser divertido pero tamén pode ser un pesadelo se non entendes o que fai o teu can. Se queres saber máis cousas sobre os cans, este libro vaiche ser de moita axuda.



**Apolo XI. Misión a la Luna.** Editorial Everest. Carlton Books. Conta hora a hora a misión do Apolo XI á Lúa que comezou o 14 de xullo de 1969 e chegou ao seu destino o 24 de xullo do mesmo ano.